

FESTIVAL de SAN XOÁN

SANTIAGO DE COMPOSTELA



MANUAL DE INSTRUICIÓN S DE SAN XOÁN
RITOS E TALONARIO DE SORTILEXIOS

O DÍA DE SAN XOÁN



A noite de San Xoán o 23 de xuño, coincidindo co solsticio de verán, realizanse dende antigo festas e prácticas rituais en diversos lugares do mundo, especialmente arredor das fogueiras. Trátase dunha celebración ancestral, na que diferentes culturas festexan que o sol está no seu punto máis alto e os días son os más longos do ano.

En Galicia, a festa de San Xoán é unha das datas antropoloxicamente más interesantes: noite de comida, bebida, música e baile ao redor do lume, de fomento das relación veciñais, rito iniciático para os mozos, catarse colectiva, e tamén de fusión coa natureza, contraposición entre o ben e o mal, o sol e a lúa, e os humanos e os seres fantásticos como trasnos, meigas, fadas e bruxas, que, tal e como nos contan as lendas, saen dos seus refuxios na noite máis curta e misteriosa do ano. Así, e para previr o poder desas forzas liberadas na máxica festa de San Xoán, multitud de ritos intentan esconxurar os maleficios e invocar á protección dos elementos naturais: saltar as fogueiras –chamadas “cacharelas” na zona de Santiago-, poñer un ramo de herbas na porta da casa para protexerse das meigas, lavarse ao abrente en mananciais ou con auga de flores, etc. En definitiva, unha gran festa de participación veciñal para celebrar a chegada do verán e o reinado do sol, baixo unha fórmula tradicional que nos conecta coa historia pasada e coa nosa rica identidade cultural, nunha atmósfera de maxia e encantamento para disfrutar en comunidade.

RECOMENDACIÓNS:

*A véspera de San Xoán lembra “facer o cacho” collendo auga de sete fontes, apañar por libre as túas Herbas de San Xoán nas zonas verdes da cidade ou mercalas durante a mañá no Mercado de Abastos.

*Planifica o teu San Xoán en Compostela e aproveita o servizo de balde do Tren Cacharelo para moverte e descubrir as sardiñadas, fogueiras e actividades dos barrios.

*A noite do 23 ao 24 mantente a unha distancia prudencial do lume para evitar as faíscas e prescinde das fibras sintéticas na túa vestimenta. Opta por calzado cómodo e roupa axustada, vella ou seminova de algodón que non te importe que se impregne do cheiro a fume e sardiñas á brasa. Intenta reducir os teus residuos, fai uso dos colectores de lixo e, sobre todo: salta as cacharelas con sentidiño!

O LUME



O lume: Conta unha lenda que o paporrubio trouxo o lume dende o sol. Considerado como ente sagrado, protector e purificador, que debe ser coidado para que non esmoreza, o lume é o protagonista fundamental da celebración do solsticio de verán e, por tanto, tamén da noite de San Xoán.

***Saltar as cacharelas:** Na noite do 23 de xuño as lumaradas purificadoras inundan cidades, vilas e aldeas. O seu máxico poder serve para esconxurar doenças, males e meigallos, e procurar sorte, favores e predicións. Para conseguir as bondades do lume, debe saltarse por riba das fogueiras un número impar de veces pasada a medianoite. Adoita facerse 3, 5, 7 ou 9 veces nunha auténtica catarse colectiva. Numerosas asociacións, colectivos e comunidades veciñais realizan nas rúas e prazas de Compostela cacharelas de San Xoán: o percorrido por elas garante un ambiente auténtico, que adoita estar amenizado con música ao vivo, baile, bebida e comida (viño, sardiñas, chourizo, churrasco, empanada, etc).

***O fume:** O fume preserva a persoas e animais de posibles maleficios e mal de ollo. O seu poder purificador transfírese mesmo ás cinzas, que se gardan para protexer das treboadas e favorecer as relacións humanas e comerciais. Existía o costume de afuma-lo gando na noite de san Xoán para protexelo do meigallo, así que imbuírse do arrecendo das fogueiras aporta un plus de protección aos rituais que se cumplen na noite de festa.

***Ver bailar o sol:** No abrente do 24 de xuño, día de San Xoán, o sol baila de ledicia xunto á lúa e, ao seu compás, danzan con eles todas as meigas do universo. Para contemplar este fenómeno, existe a tradición de subir a un lugar elevado na amanecida para ver bailar o sol na súa máxica saída. Pola súa especial significación, recoméndase o Pico Sacro (Boqueixón) ou o monte Pedroso (Santiago de Compostela), para disfrutar desta especial alborada.

A AUGA



A auga: É o elemento fundamental para a vida e “lava” tanto a sucidade como as enfermidades. Desempeña no San Xoán un papel simbólico-ritual, porque nesa noite acada propiedades purificadoras para a alma e o corpo superiores ás do resto do ano. Por este motivo, hai que acudir a ríos, fontes e mananciais -preferentemente os más achegados a mosteiros e santuarios, que transfiren a súa sacralidade á auga- para practicar certos rituais máxicos.

***Facer o cacho:** Existe o costume de recoller auga de sete fontes o día 23 para, pola noite, deixala ao orballo con herbas de San Xoán e aproveitar ao día seguinte as súas propiedades milagreiras.

***O orballo:** É considerado salutífero e purificador, polo que cómpre deixar baixo os seus poderes as prendas de lá, cobertores e incluso gando, sendo ademais acaído para sortilexios adiviñatorios e preventivos.

***As fontes:** As lendas falan de que nas vellas fontes viven mouras e fadas, virxes e lavandeiras, así como seres do mal que só poden saír dos seus refuxios na noite de San Xoán. Existe a crenza de que beber nelas más aló da medianoi-te pode xerar doenzas, pois a auga está durmida. Polo contrario, as augas recollidas en sete fontes pouco antes da amañecida teñen propiedades salutíferas, alongando a vida e sendo inmellorables para levedar o pan.

***A flor da auga:** A mellor auga é a que se recolle xusto ao abreiro do día 24, a denominada “flor da auga”. Está dotada de poderes especiais, sobre todo para as persoas que se laven con ela, apropiándose así dos poderes máxicos que adquiriu durante a noite, e obtendo dela unha auténtica panacea de saúde e beleza. A “flor da auga” é aquela que se recolle dunha fonte no mesmo intre en que o sol empeza a raiar, incidindo nas súas augas. Atopamos aquí a convención de dous elementos antagónicos refórzandose, a auga e o sol-lume, que conseguén coa súa unión unha auga idónea para loitar contra os males do corpo, pero tamén para “levar as meigas”, símbolo do mal na noite de San Xoán.

AS PRANTAS E O MUNDO VEXETAL



As prantas e o mundo vexetal: Relacionadas con valores protectores e sandadores, hai unha grande variedade delas empregadas nos rituais destas datas, pero destacan as que recenden, en contraposición as que cheiran, asociadas ás bruxas: dedaleira, rosa silvestre, fiúncho, codeso, fento, trobisco, espadana, malva, artemisa, sabugueiro, carballo, ameneiro, etc.

***Auga de herbas de San Xoán:** A véspera do 24 hai que apañar as “sete herbas de San Xoán”: fento, fiúncho, xesta, malva, romeu, herbaluisa e herba de San Xoán. Cómpre deixar estas plantas e flores nunha talla con auga á intemperie durante a noite, expostas ao orballo, e lavarse con elas na mañá seguinte (en certas zonas este lavado faise mirando cara o nacente, para recibir as primeiras raiolas do sol). Deste xeito búscase curar e previr enfermidades cutáneas e rexuvenercer a pel.

***Propiedades premonitorias das herbas de San Xoán:** Deixadas sobre unha mesa durante toda a noite, se á mañá seguinte están verdes e frescas agoiran prosperidade na casa; se murchan, anuncian infortunios.

***Protección polas herbas de San Xoán:** As herbas máxicas de San Xoán protexen a casa contra as meigas (que nesta noite andan especialmente ceibes), si se colocan nas portas e ventás. Esta propiedade protectora consérvara durante o resto do ano: hai que secalas e dependuralas logo nalgún lugar da morada para evitar a entrada das meigas. O mundo vexetal, símbolo da forza rexeneradora da natureza, convértese así en protector da casa, unidade social, económica e cultural fundamental da Galicia rural.



CONCELLO DE
SANTIAGO



SANTIAGO DE
COMPOSTELA
TURISMO

REFERENCIAS ESPACIAIS

- 1. Praza de Mazarelos. Festival de San Xoán
- 2. Granxa do Xesto (fóra do mapa)
- 3. Selva Negra (fóra do mapa)
- 4. Parque do Paxonal
- 5. Mercado de Abastos
- 6. Alameda
- 7. Ensanche
- 8. Parque da Almáciga
- 9. Parque de la Música. Vite
- 10. A Peregrina (fóra do mapa)
- 11. Laráño (fóra do mapa)
- 12. Villestro (fóra do mapa)

FONTES


- 13. Fonte da Porta da Trindade
- 14. Fonte da Virxe da Cerca
- 15. Fonte de Basquiños
- 16. Fonte de Porta do Camiño
- 17. Fonte de San Martiño Pinario
- 18. Fonte de Santa Clara
- 19. Fonte de San Roque
- 20. Fonte de Santo Antonio
- 21. Fonte do Santo Domingo de Bonaval
- 22. Fonte do Campiño de San Francisco
- 23. Fontes de San Lourenzo

CACHARELAS

- 24. Conxo (Centro Cívico)
- 25. Castiñeiriño (Asoc. Sandra Priego Rial e Asoc. Amigos do Castiñeiriño)
- 26. Marrozos (fóra do mapa)
- 27. Sar
- 28. Ponte de Sar
- 29. Carballera de San Lourenzo
- 30. Galeras
- 31. Ruela de Xerusalén
- 32. Praza de San Paio de Antealtares
- 33. Praza de Salvador Parga
- 34. Cruz de San Pedro
- 35. Praza 8 de marzo
- 36. Santa Marta. Praza Escultor Ferreiro

PARADAS TREN CACHARELO

- 37. CGAC
- 38. Burgo das Nacións
- 39. Carballera de San Lourenzo
- 40. Avda. Xoán Carlos I



TALONARIO DE SORTILEXIOS PARA A NOITE DE SAN XOÁN




Pasada a medianoite escolle unha cacharela de Santiago de Compostela e sáltaa un número impar de veces superior a tres recitando este popular dito ritual para espantar os males e os meigallos:

*“Salto por riba,
do lume de San Xoán,
para que non me morda,”*

*“cadela nin can,
nin bicho vivinte,
que ande polo chan.”*



Escribe nos seguintes espazos o nome daqueles/as que te pretendan namorar, recórtaos por separado, enrólaos ben e bótaos nun vaso con auga a noite do 23. A mañá de San Xoán o nome que apareza desenvolto revelará con quen quedarás!



Escribe os teus males e bótaos ás cacharelas para deixalos atrás:

Doenza do corpo: _____



Escribe os teus males e bótaos ás cacharelas para deixalos atrás:

Doenza do espírito: _____